


Nome _____

Data _____

Froitas de tempada

Comer froita é un dos hábitos alimentarios máis importantes, pero, se ademais é froita de tempada, moito mellor. Non en todas as épocas do ano se poden cultivar todas as froitas. Isto é debido a que cada variedade depende dunhas condicións de temperatura e humidade diferentes.

Elixir froitas de tempada ten algunhas vantaxes: ao haber máis produto, o seu prezo é menor ca o resto do ano. Ademais, como van directamente desde onde se cultivan ao mercado, non se necesita almacenar nin refrixerar e así o produto sofre menos, diminúe o gasto enerxético e axúdase a protexer o medio natural.



1 Responde as seguintes preguntas.

- Gústache algunha das froitas do calendario? De que tempada é?

- Escribe tres froitas da estación en que esteas agora mesmo.

- Que vantaxes ten comer froita de tempada?

- Tamén existen verduras de tempada. Busca información e escribe tres exemplos de cada época.

2 Utiliza o calendario e escribe.

- Unha froita que sexa de todas as tempadas.

- Unha froita que só poidamos atopar no verán.

- Unha froita que poidamos atopar no outono.

- Unha froita que non poidamos atopar nin no verán nin na primavera.

3 Elabora un calendario persoal de froitas. En cada mes, segundo a época do ano, escribe dúas froitas que vas consumir na túa dieta.

Xaneiro	⇒	<input type="text"/>	Xullo	⇒	<input type="text"/>
Febreiro	⇒	<input type="text"/>	Agosto	⇒	<input type="text"/>
Marzo	⇒	<input type="text"/>	Setembro	⇒	<input type="text"/>
Abril	⇒	<input type="text"/>	Outubro	⇒	<input type="text"/>
Maio	⇒	<input type="text"/>	Novembro	⇒	<input type="text"/>
Xuño	⇒	<input type="text"/>	Decembro	⇒	<input type="text"/>

4 Deseña un cartel publicitario para anunciar unha das túas froitas preferidas e que indique a tempada en que se pode comer.